

eventos

Begonte
Centro Cultural José Domínguez Guizán
Clausura do XLIV Nadal en Begonte
30 de xaneiro

O Centro Cultural José Domínguez Guizán (Begonte) acolle os actos de clausura do XLIV Nadal en Begonte o sábado 30 de xaneiro a partir das cinco da tarde. Trala entrega de premios dos certames culturais convocados polo centro, pecharase o Belén de Begonte coa música da Agrupación Músico Crisanto - Escolas Municipais de Música de Begonte, Rábade e Outeiro de Rei dirixida por Armando Morales.

begonte

Eduardo Baamonde, gañador do XXVI Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán

“A noite do soldadiño de chumbo” é unha visión onírica sobre o paso do tempo, a perda das raíces e das imaxes referenciais da nosa infancia en paralelo á persistencia dos temores que xera a anguria vital e a soidade”

O profesor, ilustrador e pintor vilabés Eduardo Baamonde proclamábase gañador do XXVI Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán convocado polo centro cultural do mesmo nome con motivo do XLIV Nadal en Begonte. Deste xeito, “A noite do soldadiño de chumbo” -unha segunda versión sobre unha composición de fai uns anos que atrae especialmente ao autor- convértese na obra pictórica gañadora desta edición.

Unha obra chea de elementos simbólicos...

Trátase dunha visión onírica sobre o paso do tempo, a perda das raíces e das imaxes referenciais da nosa infancia en paralelo á persistencia dos temores que xera a anguria vital e a soidade. Todo isto dentro dunha escenografía na que están presentes elementos simbólicos que aparecen con frecuencia na miña obra: illas, faros, artefactos,...

Como recibe este premio despois de terse presentado noutras ocasións a este certame e lograr tres mencións de honra, a última no ano 2010?

Síntome moi satisfeito por acadar o primeiro premio. Mais non nos enganemos, en todos os certames hai sempre moi bos cadros e, xunto cunha certa calidade, hai que ter esa miguíña de fortuna para que o xurado sinala o teu cadro como premiado.

Ademais deste certame, tense presentado a algún outros, sobre todo, de pintura rápida. Que destacaría desta modalidade?

É un reto pintar in situ e nunha sesión de cinco ou seis horas. Apréndese moito e anima a exercitarse nas resolucións técnicas, cromáticas e compositivas sobre un tema sacado do natural. Na outra parte da balanza están os madrugóns, as longas viaxes, as inclemencias do tempo, andar cargados cos bártulos, os sinsabores das decisións dos xurados, etc. E, ás veces, o esforzo vese compensado con algún premio. Agora, despois de tantos anos, imponse o pracer de viaxar, de pintar e, por enriba de todo, de compartir as xornadas cos colegas pintores.

A acuarela é unha das súas técnicas máis recorrentes como demostran algunhas das últimas publicacións nas que ten participado *De acuarelas por*

Santiago (2010), editado por Edicións do Cumio, ou *Vilalba e a Terra Chá - Acuarelas* (2015), editado polo IESCHA. Pero tamén emprega o debuxo na súa tarefa como ilustrador para textos de literatura infantil e xuvenil en colaboración co escritor Ramón Caride, por exemplo, en *Boca da noite* (2004). Fálenos da concepción desta obra, a súa técnica...

Cando me encargan traballos de ilustración o primeiro que teño presente é o texto. Non para repetir exactamente o que narra,

Quen son os seus referentes? Que lle teñen aportado?

Creo que hai demasiados referentes. Se teño que apuntar a clásicos digo Rembrandt, Daumier ou Hopper. Entre moitos outros, quede claro. E se de contemporáneos falamos, pois sinalaría a Gerard Mitchell, Miguel Herranz, Gibrat, Gipi, Luis Ruíz, Miguel Anxo Prado, ... Apórtame gusto polo trazo, pola plasticidade das luces, liñas puras ou dramáticas, emoción nas súas miradas. Pero, quizais, sen dar-me conta fai tempo que non penso en ninguén

todos os días con 20 ou 30 persoas observándote, fai que non teña ningún receo á hora de pintar na rúa.

Logrou mesturar os seus gustos persoais cunha carreira profesional orientada ao ensino. Pero, que aspectos destacaría das súas tarefas como pintor e ilustrador e como profesor?

Confeso que a miúdo o meu traballo no ensino supón un atranco para desenvolver os proxectos persoais ou me ocupa máis

Cre que están suficientemente valoradas as artes no ensino medio?


Non. En absoluto. Nin o debuxo, nin a música, nin a expresión corporal, nin as artes escénicas. Estamos asistindo a unha irreparable perda de valores culturais e artísticos que axudarían a aumentar a creatividade das persoas e, en definitiva, a fomentar o libre pensamento. Pero iso, claro está, é o que non lle interesa aos poderes establecidos.

Finalmente, recordamos que ten realizado numerosas exposicións individuais e colectivas; pero tamén ten colaborado con este xornal, o terrachá.xa, na realización de láminas que foron distribuídas conxuntamente con esta publicación mensual. Pero, na actualidade, en que proxectos traballa?

Xunto coa miña dona Anabel comecemos a andaina dun proxecto editorial chamado Almacén de Fábulas do que o primeiro caderno de viaxe foi *De acuarelas por Pontevedra* que tivo unha magnífica acollida nesta cidade. Estou traballando no segundo libro e ... xa veremos a onde chegamos. Paralelamente estou preparando dúas exposicións: unha para a Galería Besada de O Grove e outra para a Sala BBVA de Oviedo.



“A noite do soldadiño de chumbo” (á esquerda) e Eduardo Baamonde pintando a traseira da igrexa de Vilalba (á dereita) nunha fotografía de Chema Felpejo.



senón para complementalo ou enriquecelo con respecto. Son lector irredento e, polo tanto, amo os libros, os poemas, os contos, etc. E o que máis me gusta é empaparme da atmosfera que transmiten os textos e facer bosquejos de ambientes, de personaxes e de composicións. O problema case sempre reside en darlle forma definitiva a esa morea de debuxos previos. Esa parte é dolorosa, pois non sempre acadamos o noso obxectivo.

Boa parte das súas acuarelas plasman paisaxes e localizacións de interese cultural, xa sexa patrimonial ou arquitectónico. A que se debe o seu interese por este tipo de paisaxes?

Dende fai moitos anos procuro acompañarme sempre que viaxo dun caderno e dunhas acuarelas. O que nun comezo era só un xeito de pasar o tempo, converteuse, a medida que ía enchendo as páxinas con debuxos e máis debuxos, nun proxecto de maior alcance. Gústame camiñar e viaxar contemplando de maneira activa e rexistrando o que teño ao meu redor. E non me refiro só aos motivos patrimoniais máis recoñecibles, senón a todos aqueles encadres que sintonizan coa miña sensibilidade: recantos esquecidos, caellas, teitos, chemineas...

cando pinto e que me saen as cousas baixo a miña persoal mirada e o meu sentimento.”

Como nace súa paixón pola ilustración?

A miña paixón pola lectura é incurable. Como tamén o é o pracer de recrear as escenas fantásticas que se orixinan trala lectura. Ilustrar, sexa un conto, unha viñeta ou un cartel é sempre un reto marabilloso. As moitas anécdotas que xorden ao longo desta traxec-

tempo que o desexado para sacar adiante traballos que esixen unha constancia especial. Pero, dadas as circunstancias actuais, nin se me ocorre queixarme. Considérome afortunado por ser quen de compatibilizar as dúas tarefas. Os meus alumnos venme debuxar e pintar case a diario, tanto no espazo da aula como nos tempos e nos espazos fóra de clases e iso reverte, sen dúbida, nunha maior captación da súa atención. E, por outra banda, o feito de debuxar

Begonte entrega os premios dos certames culturais polo Nadal

O Centro Cultural José Domínguez Guizán (Begonte) acolle os actos de clausura do XLIV Nadal en Begonte o sábado 30 de xaneiro a partir das cinco da tarde.

A música da Agrupación Músico Crisanto - Escolas Municipais de Música de Begonte, Rábade e Outeiro de Rei dirixida por Armando Morales porá remate á entrega de premios dos certames culturais convocados polo centro.

Se Eduardo Pérez Baamonde se proclama gañador do XXVI Premio Galego de Arte “José Domínguez Guizán” - polo que recibirá 1.500 euros e estatuíña de Sargadelos-; a viguesa Fabiola Mecías e o lugueño José Manuel Peña Romay -gañador da edición XXIV-, recibirán cadansúa figuriña de Sargadelos como mención de honra. E outro chairego, Xosé Otero

Canto, natural da Ponte de Outeiro e veciño de Lugo, proclamábase gañador do XL Certame de Poesía “Begonte e o Nadal” co poema “O vento é un moirante” (Cantiga para dormir ao neno).

Carlos López faise co segundo premio por “Sempre haberá Belén” presentado baixo o lema “O Pomo da chouza grande”. Igualmente, pola calidade dos seus traballos, concedéronse cadansúa mención de honra dotada con estatuíña de Sargadelos a Rosa Piñeiro (Ávila) polo seu poema “Hai un Belén de garda” presentado baixo o lema “Alonit” e Lucía Penalonga (Lugo) polo seu poema “O neno é galego”.

Todos eles recibirán cadansúa estatuíña e, no caso dos premiados, 600 e 300 euros, respectivamente. O XL Certame de xomalismo

sobre o Nadal é para Pepe Pol por “La pieza clave del puzzle”. E Beatriz Valcárcel recibirá o segundo premio por “Figuritas en la niebla” publicado na plataforma www.galiadigital.com -igual que o resto de traballos destacados- baixo o pseudónimo de “Begontina”. O premio para o primeiro clasificado será de 600 euros e para a segunda, de 300.

Pola calidade do traballo, o xurado acordaba conceder unha mención de honra, dotada con estatuíña de Sargadelos -que recibirán tamén os gañadores do primeiro e segundo premio, ao traballo “O que fai posible o amor” de Ramón Eijo Balseiro.

Ademais, 16 rapaces e rapazas da zona norte da provincia recibirán os premios do XL Certame de Debuxo Infantil sobre O Nadal.